

Inscripcións abertas para participar en Play-Doc 2022

Bases de participación

1. Xeral.

Play-Doc é un festival independente que se celebra na antiga e fermosa cidade galega de Tui, na fronteira entre España e Portugal. Cada ano Play-Doc presenta unha coitada selección de programas competitivos e non competitivos, así como de retrospectivas de realizadores mundialmente aclamados e tamén de directores de culto e independentes cuxa obra permaneceu descoñecida, perdida ou esquecida.

Entre os obxectivos do festival está o de xerar diálogo ao redor do cinema de ficción/non ficción, presentando e redescubriendo clásicos da historia do cinema documental, así como mostrando as últimas tendencias de todo o mundo a unha audiencia diversa, numerosa e participativa.

2. Datas.

A XVIII edición de Play-Doc, festival Internacional de cine de Tui terá lugar do 4 ao 8 de maio de 2022.

3. Requisitos.

As inscricións están abertas a películas de todas as duracións e temáticas. O festival dará prioridade a aquelas cuxa presentación no festival supoña a estrea en España.

4. Competición e premios.

Todas as películas seleccionadas para o programa a competición serán candidatas a un premio en metálico máis trofeo, que outorgará un xurado de prestixio internacional.

5. Inscrición.

Todas as películas inscritas deberán pagar unha cota de inscrición.

-curtametraxes e mediometraxes (até 60min) 5€

-longametraxes (a partir de 60min) 10€

O pago farase unicamente mediante PayPal a través do formulario de inscrición online.

6. Selección.

Todas as películas inscritas serán consideradas tanto para as categorías a competición como para as non competitivas e será a dirección artística do festival a que realice dita selección. A ubicación das películas (días, salas e horarios) no programa final será tamén decisión da organización do festival.

7. Notificacións.

O festival tan só porase en contacto cos representantes das películas seleccionadas. A programación completa irase anunciando antes do comezo do festival na nosa web www.play-doc.com

8. Data límite de inscrición.

A convocatoria permanecerá aberta até o 1 de abril de 2022.

9. Aceptación.

A inscrición e participación no festival supón a aceptación do regulamento. Nos casos non especificados será a organización do festival a que decida.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN